

Diario de Pontevedra 04/01/12

La APDR inicia una campaña para evitar el uso de Wifi en centros escolares

PONTEVEDRA. La APDR presentara esta tarde en la Praza da Peregrina (18.30 horas) una campaña contra la contaminación electromagnética. El objetivo de la iniciativa, que se desarrolla también a nivel estatal, es el de concienciar sobre los posibles peligros que tienen para la salud las conexiones inalámbricas de Internet (Wifi) en los colegios. La campana apuesta por aplicar la recomendación que el Consejo de Europa dio en mayo del año pasado a los estados miembros. En ella se incidía en la importancia de primar en las aulas la conexión a la red de redes por cable (sin Wifi), evitando el uso del móvil en el recinto educativo.

En 2011, la Federación Ecoloxista Galega pidió una entrevista a la Xunta por la implantación de la conexión por Wifi en las aulas de 5º de Primaria y 1º de la ESO seleccionadas por el programa autonómico Abalar por no aplicar el principio de cautela y minimizar la exposición a la contaminación electromagnética.

Diario de Pontevedra 05/01/12



LAS COSAS DE HOY ▶ **LA APDR le declara la guerra al WIFI en las aulas**

La Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) inició ayer su campaña contra la contaminación electromagnética que pretende poner el acento sobre los presuntos perjuicios para la salud del uso de internet sin cables (Wifi) en los colegios de la capital provincial. La iniciativa, que consiste en el reparto de folletos informativos y globos, se repetirá durante la jornada de hoy. FOTO ALBA SOTELO



Federación Ecoloxista Galega

Presentación da campaña "Escola sen Wifi"

Data Thursday, 05 de January ás 00:26:08

Tema Ecoloxía e Sustentabilidade

A APDR presentará na rúa a campaña “escola sen Wi-Fi” coa entrega de globos e folletos informativos na Praza da peregrina este mércores 4 ás 18,30h e o xoves 5 ás 12h. A APDR participa desta campaña que se está a desenvolver a nivel estatal como membro da Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética. A campaña disporá a nivel galego dun soporte web (<http://www.apdr.info/escolasenwifi.htm>) onde se facilita a información dispoñíbel.

A campaña, que se divulgará á comunidade escolar dos diferentes centros de ensino galegos, baséase nas alertas que se están a dar dende a comunidade científica e distintas institucións europeas ao que se suma a clasificación pola OMS das radiacións das tecnoloxías sen fíos como posíbeis canceríxenos en xuño de 2011.

No proceso de informatización das aulas do Programa Abalar da Xunta de Galicia, esta campaña avoga por aplicar a recomendación do 25.05.2011 do Consello de Europa aos seus estados membros de primar nas aulas a conexión a internet por cable [sen WiFi], evitando o uso do móbil no recinto escolar, ante o maior risco de efectos biolóxicos potencialmente nocivos desta electropolución na infancia e mocidade.

A infancia e a mocidade considéranse grupos máis vulnerábeis a este tipo de radiacións pola maior penetración no cranio, por estar o seus órganos en desenvolvemento e polos seus efectos acumulativos cun risco potencial maior na exposición precoz. Ao crecemento exponencial dá contaminación electromagnética en tódolos ámbitos da vida súmase gratuitamente unha exposición no ámbito escolar que se chegase ás seis horas por día, suporía 132 horas ao mes ou 1.188 cada ano. A tecnoloxía Wi-Fi pode expor na escola a esta poboación máis vulnerábel a uns picos de radiación superiores aos de falar cun móbil ou a da exposición a unha antena de telefonía próxima.

Xa en xaneiro de 2011 a Federación Ecoloxista Galega solicitou unha entrevista á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, ante a implantación da conexión a internet por vía Wi-Fi, nas aulas de 5º de Primaria e 1º da ESO seleccionadas no Proxecto Abalar, por non aplicar o Principio de Cautela de minimizar a exposición á contaminación electromagnética xa proposta pola Resolución do Parlamento Europeo de 2009.

Alternativa:

Esta contaminación gratuíta pódese evitar de forma moi sinxela coa implantación da conexión a internet por cable: ademais de non producir radiacións nin supoñer ameaza algunha para a saúde, ofrece unha conectividade moito máis rápida, segura e eficaz.